

## **A ESCOLARIZACIÓN DOS NENOS CON SÍNDROME DE WILLIAMS NOS CENTROS ORDINARIOS**

López, M<sup>a</sup> Cruz  
Facultade de Ciencias da Educación  
Universidade de Vigo (Campus de Ourense)  
cruzlopezg@edu.xunta.es

### **Resumo**

O presente traballo ten por obxecto describir a experiencia educativa levada a cabo durante o último curso escolar cunha alumna diagnosticada con Síndrome de Williams de 8 anos de idade, escolarizada na aula de segundo de educación primaria nun centro ordinario.

Os obxectivos que nos plantexamos fan referencia a: 1) favorecer o desenvolvemento integral das diferentes capacidades, 2) promover a integración da alumna no grupo clase e no centro, 3) iniciar a alumna nas aprendizaxes académicas básicas: lectura, escritura e cálculo, 4) desenvolver a capacidade de comunicación, 5) fomentar o desenvolvemento dos procesos de interacción social e 6) potenciar os procesos psicolóxicos básicos: percepción, cognición, atención, atención conxunta, simbolismo e memoria.

Aproveitando a súa boa expresión oral estimulouse a comprensión oral, a comprensión escrita de frases sinxelas e de situacións da vida cotiá, enriquecendo o seu vocabulario con palabras novas. Realizáronse actividades con material concreto, gráfico e didáctico para lograr a concentración e o interese da alumna.

Os resultados acadados foron posibles gracias a participación conxunta de toda a comunidade educativa: dirección do centro, departamento de orientación, equipo de orientación específico, profesores das diferentes áreas, profesor tutor e familia.

### **1. INTRODUCCIÓN**

O Síndrome de Williams é un trastorno xenético raro que presenta unha prevalencia de 1/20000 nados vivos. Está presente no nacemento e afecta de igual forma a homes e a mulleres. Esta alteración xenética é debida a unha microdelección no cromosoma 7, na banda 7q11.23. Esta delección denomínase submicroscópica porque non se aprecia ben cando se visualizan os cromosomas no microscopio. Unha delección consiste na perda de parte do material xenético, o ADN. Por tanto, nas persoas con Síndrome de Williams, un dos dous cromosomas 7 homólogo (o procedente do esperma ou do óvulo) perdeu un fragmento de información na banda 7q11.23, con un número de xenes todavía non determinado pero que pode oscilar entre 20-30 (dos 80.000 que existen). A perda desos xenes pode causar que as funcións que neles se

representan non ocorran normalmente. Sen embargo, dado que existe outra copia normal no outro cromosoma 7, non todos os xenes deleccionados funcionan mal. A delección prodúcese case sempre durante a división celular que da orixe o espermatozoide ou o óvulo, meiosis, por un erro da natureza que é inevitable e do que ninguén é responsable (Castañón, B.; Nedelcu, D.G. e Buceta, M. J., 2007).

Os suxeitos con Síndrome de Williams presentan unhas características clínicas determinadas. Nos anos 50 describíronse nenos con hipercalcemia e rasgos faciais común os que denominaban nenos con “cara de duende”, así como atraso mental e un soplo cardíaco. A asociación deste conxunto de alteracións cunha probable causa común foi publicada por Williams en 1961 e Beuren en 1962, e de aí deriva o seu nome de Síndrome de Williams ou de Williams-Beuren. A tétrada de rasgos faciais típicos ven acompañada de atraso mental leve ou moderado (CI entre 50 e 90 na escala de intelixencia revisada para nenos – WISC R), posible hipercalcemia (niveis de calcio en sangue elevados) na infancia e estenosis aórtica supravalvular (un estreitamento da arteria principal inmediatamente o salir do corazón).

O perfil comportamental caracterízase pola súa hiperactividade, locuacidade, sociabilidade e por un comportamento perseverante, nalgúns casos semellante o dos autistas.

O Síndrome de Williams presenta un perfil neuropsicolóxico específico, caracterizado por unha asimetría cerebral na que os aspectos viso-espaciais están severamente danados, o que parece estar explicado pola agrupación anómala das neuronas na área visual. O cromosoma 7 é o responsable desta anomalía, xa que parece producir cambios na anatomía cerebral. Paradóxicamente, as persoas con Síndrome de Williams parecen mostrar unha aparente boa execución nos aspectos relacionados coa linguaxe, o que sería destacable nun cadro de funcionamento cognitivo con deficiencia mental. En relación á conservación das funcións lingüísticas, que se consideran boas, é en torno a que, nos últimos anos se desatou a polémica cuestionándose algúns autores si as habilidades de produción estarían por encima das de comprensión e si esta conservación dos aspectos lingüísticos é real (Castañón, B., Nedelcu, D. G. e Buceta, M. J, 2007).

Outras características, ademais das descritas, son:

- Baixo peso o nacer/aumento de peso lento. O aumento lento de peso é tamén un problema común, especialmente nos primeiros anos de vida; por esta razón, algún nenos son diagnosticados con un crecemento insatisfactorio. A estatura nos adultos está levemente por debaixo do promedio.
- Problemas de alimentación. Estes problemas están asociados cun ton muscular diminuído, un reflexo de arcada incrementado, dificultade para chupar e tragar e defensividade táctil. As dificultades tenden a solucionarse a medida que os nenos medran.

- Irritabilidade (cólicos durante a infancia). Polo xeral duran dende os 4 ata os 10 meses de idade e despois soluciónanse. Algunhas veces estes cólicos e irritabilidade son relacionados coa hipercalcemia. Os patróns anormais de sono con unha adquisición tardía da habilidade de durmir durante toda a noite poden estar relacionados co cólico.
  - Anomalías dentais. Os dentes un pouco pequenos e amplamente separados son común nos nenos con este síndrome.
  - Anomalías renais. Existe un leve aumento na frecuencia de problemas ca estrutura e/ou funcións dos riñóns.
  - Hiperacusia (sensibilidade auditiva). Os nenos con síndrome de Williams frecuentemente teñen unha maior sensibilidade auditiva que outros nenos. Algunhas frecuencias de sons ou ruídos poden ser dolorosos e/ou alarmantes para a persoa. Esta condición, polo xeral, mellora coa idade.
  - Problemas musculoesqueléticos. Frecuentemente, os nenos con síndrome de Williams teñen baixo ton muscular (hipotonicidade) e laxitude nas articulacións. A medida que medran, poden desenvolver rixidez nas articulacións (contracturas).
  - Personalidade demasiado amistosa (excesivamente sociable). As persoas con Síndrome de Williams teñen unha personalidade cautivadora. Teñen unha capacidade singular nas habilidades da linguaxe expresiva e son extremadamente corteses e educados. Polo xeral non senten temor cara as persoas extrañas e mostran maior interese por relacionarse con adultos que con persoas da súa mesma idade.
  - Atraso do desenvolvemento, discapacidades de aprendizaxe e deficiencias na atención. Os nenos con Síndrome de Williams con frecuencia presentan atraso no desenvolvemento. Logros como camiñar, falar e aprender a usar o baño de forma independente, frecuentemente son alcanzados algo máis tarde do período normal. Distraerse con facilidade é un problema común durante a metade da nenez, pero isto parece mellorar a medida que os nenos se fan maiores.
- Os nenos de idade avanzada e os adultos con Síndrome de Williams mostran con frecuencia fortalezas y debilidades en certas capacidades intelectuais. Nalgunhas áreas intelectuais como a fala, a memoria a longo prazo e as habilidades sociais o desempeño é bastante bo. Polo contrario, áreas intelectuais como a motricidade fina e relacións espaciais son significativamente deficientes.

## **2. EXPERIENCIA EDUCATIVA**

### **2.1. AVALIACIÓN DE NECESIDADES**

A alumna con Síndrome de Williams ten 8 anos de idade. Actualmente está escolarizada no segundo curso do primeiro ciclo de educación primaria nun colexio ordinario de educación infantil e primaria do interior de Galicia, situado no entorno rural.

Durante a etapa da educación infantil estivo nun centro ordinario dunha cidade da costa galega dende os tres ata os catro anos, chegando o centro actual no mes de decembro do segundo curso do segundo ciclo de educación infantil (4 anos). Permaneceu ata os seis anos en infantil, medida extraordinaria de permanencia dun ano máis na etapa, adoptada o finalizar esta.

Desde o punto de vista clínico, o embarazo foi normal, parto natural sen complicacións. O peso no nacemento foi inferior o normal, permanecendo varias semanas na incubadora. Tras o nacemento comezan a facérselle diferentes tipos de probas. A nena presenta problemas de alimentación (dificultade para chupar), irritabilidade (cólicos) e moitas dificultades para durmir (so concilia o sono durante unhas horas durante o día).

Os pais están ben informados de tódolos aspectos médicos, psicolóxicos e evolutivos da súa filla, aceptando activamente a diagnose de Síndrome de Williams.

Cando a familia cambia de domicilio a nena foi dada de alta do hospital desa cidade con diagnose de atraso do desenvolvemento psicomotor, asistindo ata ese momento ao Servizo de Atención Temperá onde recibiu estimulación da linguaxe e do desenvolvemento psicomotor.

Actualmente está sendo tratada noutro centro hospitalario onde a diagnosticaron como Síndrome de Williams. O seu desenvolvemento físico en talla e peso é inferior o normal para a súa idade. As dificultades de alimentación e sono foron mellorando notablemente ca idade.

#### **PERFIL PSICOLÓXICO**

A alumna presenta, entre outras, as seguintes características psicolóxicas que configuran o Síndrome de Williams (ver táboa 1).

### Táboa 1. Características xerais

- **Perfil cognitivo.** A impresión inicial pode ser de maior nivel cognitivo, debido as capacidades da linguaxe. Presenta importantes dificultades viso-espaciais en contraste con unha gran facilidade para a adquisición da linguaxe.
- **Psicomotricidade.** Ten dificultades na psicomotricidade tanto fina como grosa, con problemas de coordinación de movementos.
- **Conduta social.** Personalidade amistosa, moi sociable. Carácter extravertido. Gústalle relacionarse con adultos, gran tendencia a desinhibición, incluso con persoas que coñece pouco. É moi expresiva coas súas propias emocións, especialmente cando está contenta.
- Presenta **atraso do desenvolvemento, discapacidade de aprendizaxe e deficiencias na atención.** Logros como camiñar, aprender a usar o baño, comer, beber de forma independente realizaos coa supervisión dun adulto dado a súa deficiencia visual. Nalgunhas áreas intelectuais como a fala, a memoria a longo prazo (memorización de cancións) e as habilidades sociais o desempeño é bastante bo. Polo contrario, áreas intelectuais como a motricidade fina e as relación espaciais, son significativamente deficientes.
- **Boa memoria auditiva e bo sentido musical.**
- Perseveranza en determinados temas de conversacións/actividades favoritos.
- Interese e elevado coñecemento das emocións dos outros, nota cambios sutís no humor dun adulto.
- **Estereotipias,** arrancarse “pellejos” das uñas. Estes comportamentos parecen estar fora da súa capacidade de control.
- Algunhas tarefas e modos de aprendizaxe poden ser particularmente dificultosos. Concretamente ten dificultade en:
  - Tarefas que requiren a habilidade da motricidade fina ou integración viso motora, incluíndo tarefas con lapis e papel, especialmente escritura e debuxo.
  - Tarefas que requiren análise espacial (visuo-espaciais e visuales-motrices): orientación nunha folla completa, aprender esquerda e dereita, realizar puzzles/encaixables.

O centro o que asiste consta de dúas unidades de educación infantil e seis de primaria, con un total de 111 alumn@s. O centro conta con Departamento de Orientación, especialistas de Audición e Linguaxe, de Pedagogía Terapéutica e coidadora.

A unidade ordinaria na que está actualmente escolarizada (2º curso) está formada por 16 alumn@s. Na aula hai varios neno@s con NEE: un alumno con distrofia muscular progresiva asociado a atraso mental, un alumno con déficit de atención, 3 alumn@s con dificultades de lectoescritura e unha alumna con Síndrome de Williams.

Os pais da nena desexan a máxima integración da súa filla tanto na escola como na comunidade. Para logralo a nena viaxa en autobús cos nen@s da súa aldea e come no comedor escolar supervisada en todo momento polas coidadoras do transporte escolar e pola coidadora do centro. No patio xoga co alumnado dos diferentes cursos disfrutando especialmente do parque infantil, vixiada polo profesorado e coidadora. Precisa supervisión continua para desprazarse polo centro e ir ao baño.

## **2.2. INTERVENCIÓN EDUCATIVA**

Tendo en conta que a responsabilidade da atención ó alumnado con necesidades educativas especiais abrangue a toda a comunidade educativa, faise precisa a participación conxunta dos diferentes profesionais implicados: dirección do centro, Departamento de Orientación (orientador, mestre de Audición e Linguaxe, mestre de Pedagogía Terapéutica), Equipo de Orientación Específico, profesores das diferentes áreas e familia (Orde do 27 de decembro de 2002, pola que se establece a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais).

Unha vez realizada a avaliación psicopedagóxica e elaborado o informe psicopedagóxico resultante desta avaliación (Orde do 31 de outubro de 1996), ditaminouse a escolarización da alumna no centro ordinario da zona. Así mesmo, realizáronse as correspondentes propostas de medidas organizativas e curriculares (adaptación curricular individualizada).

### **2.2.1. OBXECTIVOS**

Os obxectivos que nos plantexamos fan referencia a:

- Optimizar o proceso de ensino aprendizaxe da alumna.
- Favorecer o desenvolvemento integral e armónico das diferentes capacidades.
- Promover a integración da alumna no grupo clase e no centro.
- Iniciar a alumna nos aprendizaxes académicos básicos: lectura, escritura e cálculo.
- Desenvolver a capacidade de comunicación.
- Fomentar o desenvolvemento dos procesos de interacción social.

- Potenciar os procesos psicolóxicos básicos: percepción, cognición, atención, atención conxunta, simbolismo e memoria.

- Favorecer uns niveis óptimos de autonomía na alumna.

Ditos obxectivos plantéxanse mediante un proceso sistémico, no cal a alumna desenvolve as habilidades de comunicación, interacción e desenvolvemento psicolóxico, a través de contidos de lectura, escritura e cálculo que, a súa vez se converten en fins académicos propiamente.

### **2.2.2. ACTUACIÓNS A NIVEL DE CENTRO, AULA E INDIVIDUAL**

- **A nivel de centro.**

As actuacións levadas a cabo a nivel de centro centráronse no:

- Asesoramento e formación do profesorado respecto o proceso de ensino-aprendizaxe da alumna. As mestras especialistas asistiron a diferentes cursos de formación, dos que foron informadas polo Equipo Específico, ca finalidade de recadar materiais e estratexias para afrontar a labor docente.

- Dotación de recursos materiais e persoais. O centro conta con mestra de Audición e Linguaxe, mestra de Pedagogía Terapéutica, coidadora e un mestre de apoio a aula do segundo curso dado a confluencia de nen@s con dificultade dentro da aula.

- Organización de espazos e tempos.

- Organización dos reforzos e dos apoios dentro e fora da aula.

- Revisión dos documentos no que se reflicte a atención á diversidade (PEC, PCC).

- Coordinación ca familia: colaboración no proceso de avaliación de necesidades, orientación sobre actividades extra escolares, información sobre axudas, información sobre o seguimento do proceso de ensino aprendizaxe da súa filla.

- **A nivel de aula.**

- Revisión da programación de aula. Algunhas adaptacións realizadas xiraron en torno a eliminación de actividades nas que a alumna non podía participar activamente e a introdución doutras nas que si puidese facelo.

- **A nivel individual.**

Con esta alumna é necesario elaborar materiais escolares adaptados as súas posibilidades, tomando como referencia a súa adaptación curricular individualizada (ACI).

A actividade escolar xira entorno a iniciación na lectoescritura e o cálculo, traballando de forma constante os hábitos de autonomía persoal, as relacións sociais e as normas de conduta dentro e fora da aula e da escola.

Partindo do material UDICOM, e ca finalidade de favorecer o desenvolvemento das habilidades lingüísticas, plantexámonos como obxectivo prioritario mellorar o coñecemento, a comprensión e a utilización do vocabulario e a construción de frases.

O método empregado (UDICOM) traballa diferentes áreas do currículo de primaria: área de lingua, área de matemáticas, área de coñecemento do medio, área de música e grafomotricidade. De todas estas áreas seleccionamos aqueles contidos que, partindo das características da alumna, poderíamos abordar de maneira significativa.

- **Área de Lingua Castelán/Lingua Galega**

Para traballar esta área empregamos un vocabulario básico en tarxetas. Dito vocabulario consta de imaxes e palabras (substantivos, adxectivos, verbos, nexos, artigos e pronomes). Optamos por presentar en diferentes cores os substantivos, os adxectivos e os verbos, sendo o laranxa para os substantivos, o azul para os adxectivos e o verde para os verbos. O motivo principal é o de facilitar a construción de frases.

A escritura do vocabulario realízase co primeiro grafema en vermello, xa que o que se pretende é que a alumna vaia identificando grafemas, asociando ese grafema con un son fonémico, facilitando a asociación palabra – palabra e que realice lectura tipo perceptiva.

Máis concretamente, neste curso, abordamos o vocabulario referido a:

- Unidade didáctica 1. A familia.
- Unidade didáctica 2. O colexio e a aula.
- Unidade didáctica 3. O corpo e os sentidos.
- Unidade didáctica 4. Os alimentos.
- Unidade didáctica 5. As prendas de vestir.
- Unidade didáctica 6. A casa.

A unidade didáctica 1 foi traballada co material *Enséñame a hablar*.

A continuación detallamos as actividades realizadas tomando sempre como referencia os temas das unidades didácticas citadas.

➤ **Expresión oral.**

- Vocabulario básico da familia, das partes do colexio, da aula, materiais escolares, das partes do corpo, dos órganos dos sentidos, alimentos, das prendas de vestir e das dependencias da casa.

➤ **Comprensión oral.**

- Definir partes do colexio, da aula, partes do corpo, sentidos, alimentos, prendas de vestir e dependencias da casa atendendo a características de cor e tamaño. Exemplo: “O tomate é vermello”, “A camiseta azul”, “A mesa grande”.

- Recoñecer os membros da familia, as dependencias do colexio, as partes do corpo, os alimentos, as prendas de vestir e as dependencias da casa polo seu nome.

- Asignar nomes a imaxes de membros da familia, dependencias do colexio, das partes do corpo, dos alimentos, prendas de vestir e dependencias da casa.



- Realizar ordes sinxelas.

➤ **Expresión escrita.**

- Iniciar na realización de trazos, presión e prensión do instrumento.

➤ **Comprensión escrita.**

Para traballar a comprensión escrita apoiámonos continuamente en debuxos e imaxes.

- Recoñecer tarxetas de imaxe-palabra ante a orde “dáme”, “sinala”, “busca”.
- Nomear tarxetas de imaxe-palabra.
- Identificar frases absurdas.
- Construír e ler frases moi sinxelas (suxeito+verbo+complemento).
- Ordear elementos dunha frase moi sinxela previamente desordeadas.
- Lectura das vogais e das consoantes. Combinación das consoantes e vogais en sílabas directas e palabras reforzando a dirección de esquerda a dereita. Lectura de frases moi sinxelas e identificación da imaxe que as representa.

En tódalas unidades traballouse:

- Presentación. “Chámome L. Vivo en A. Teño 8 anos”.
- Saúdos. Ola, Adeus, Bos días, Boas tardes, Boas noites. “Bos días, ola” cando entramos na aula, “Adeus” cando finaliza a clase, cando nos vamos a outro sitio.
- Data. Hoxe é ... (luns, martes,...), día do mes (1, 2, 3,...) e mes do ano (xaneiro, febreiro,...).
- O tempo. Introducimos as estacións (primavera, verán, outono, inverno) e os fenómenos atmosféricos (chuvia, sol, frío, calor). Cada día pedimos a alumna que seleccione as tarxetas que describen o día que fai e a estación do ano na que estamos.
- **Área de matemáticas.**
- Numeración. Recoñecer e nomear os números do 0 ao 20. Contar mecanicamente os números. Contar obxectos cos números e asociar cantidade a números.
- Maduración perceptivo-motriz. Discriminar e nomear cores: vermello, verde, amarelo, azul, marrón, laranxa, negro, branco, lila e gris.
- Conceptos básicos. Arriba-abaixo, enriba-debaixo, dentro-fora, grande-mediano-pequeno, longo-curto, alto-baixo, goso-delgado, antes-despois, mañá-tarde-noite.
- **Área de coñecemento do medio.**
- Recoñecemento e asignación de nomes os membros da familia, as dependencias do colexio e os materiais da aula, as partes do corpo, articulacións e órganos dos sentidos, alimentos, utensilios para a comida, prendas de vestir e dependencias da casa.

- Asociar os conceptos de maña, tarde, noite cos conceptos de almorzo, comida, merenda e cea.
- Asociar os conceptos de primavera, verán, outono e inverno cas roupas propias de cada época.
- **Área de música.**
- escoita e memorización de cancións.
- **Grafomotricidade.**
- Trazos (guiándolle a man).
- Presión e prensión do instrumento: picado, recortado con tesoiras, coloreado.
- Adestramento dos dedos na relaxación da man: facer boliñas de papel, recortado con dedos.

### **2.2.3. RECURSOS E MATERIAIS**

En canto os materiais é necesario ter presente que no caso que nos ocupa os materiais son adaptados ou específicos. O traballo xirou na selección de materiais motivadores, concreto e gráfico que permitise centrar a atención da alumna, elaborando fichas de traballo e tarxetas de vocabulario a partir de materiais publicados, tales como:

- UDICOM. Unidades didácticas de compensatoria. Materiais con tarxetas de vocabulario das diferentes unidades.
- Colección ¡Ya leo! Material para traballar dificultades de lectoescritura.
- Cadernos de lectoescritura 1, 2, 3 e 4. Colectivo Bubela
- Colección de contos de lectura de Educación Especial de Sotelo Blanco.
- Enséñame a falar. Material con tarxetas e pictogramas, tarxetas con palabras escritas, láminas simples e láminas complexas.

Así mesmo, o emprego das novas tecnoloxías abre un abanico moi grande de posibilidades para traballar ca alumna. O uso do ordenador fixo posible a realización de diferentes tipos de actividades:

- Actividades que traballan os requisitos da lectoescritura, recollidas en programas educativos como son El conejito lector, no que se traballan as cores, os números ata o 5, figuras como o triángulo, círculo, cadrado e rectángulo, cancións e onomatopeias.
- Lectura de contos con pictogramas, tales como A bruxa Coloraina para reforzar a aprendizaxe das cores, A granxa de Pipo, O patíño feo, entre outros.
- Actividades de reforzo da lectura co programa educativo Aprende a ler con Pipo, material que traballa a aprendizaxe da lectura letra a letra con actividades moi lúdicas.

Finalmente foi preciso dotar a aula de materiais que permitisen traballar a motricidade fina e grossa (ceras de cores rectangulares, moneca de abroches, números de espuma que a alumna puidese manipular fisicamente) e xogos educativos (encaixables, torres de Hanoi, panel das partes da cara).

### **2.3. IMPLEMENTACIÓN**

A alumna con Síndrome de Williams asiste á aula de Pedagogía Terapéutica e a de Audición e Linguaxe no horario correspondente as áreas instrumentais de matemáticas, lingua castelá e lingua galega, algunhas con atención individualizada, outras en pequeno grupo. No resto das áreas permanece dentro da aula ordinaria con apoio.

En todo momento traballa materiais adaptados. Para realizar as tarefas tense en conta a flexibilización da demanda das actividades, realízanse descansos durante o tempo de traballo, minimízanse as distraccións auditivas e visuais, emprégase o reforzo positivo ante os logros acadados e ignóranse os comportamentos non desexados.

Ademais das tarefas académicas a alumna participa activamente en todas as actividades do centro celebradas con motivo da celebración do Nadal, o Entroido, festa de fin de curso, festividades do día da Paz, día do Libro, día das Letras Galegas, día da nai e do pai e nas actividades complementarias e saídas escolares.

### **2.4. AVALIACIÓN E SEGUIMENTO**

Entendemos a avaliación como un proceso de recollida, análise e valoración de información relativa ao proceso de ensino aprendizaxe coa finalidade de ir axustando progresivamente a resposta educativa as necesidades da alumna. Realizamos unha avaliación continua do proceso de ensino aprendizaxe e do grado de consecución dos obxectivos por parte da alumna.

A nivel global podemos facer unha valoración moi positiva do traballo realizado. O nivel de implicación do titor, dos mestres das diferentes áreas, dos especialistas, do equipo directivo, do Departamento de Orientación e da familia así como o grado de satisfacción persoal de todos eles cos logros acadados foi moi alto.

Os cambios producidos na alumna desde o inicio de curso foron moi significativos, aumentado notablemente os períodos de atención, o ritmo de traballo e as posibilidades introducir actividades novas con maior grado de dificultade e diminuíndo e/ou eliminando completamente determinadas condutas estereotipadas. Na táboa 2 recóllese o grado de consecución dos obxectivos acadados pola alumna.

**Táboa 2. Grado de consecución dos obxectivos**

ÁREA DE LINGUA/LENGUA/COÑECEMENTO DO MEDIO	Conseguido	Iniciado	Non conseguido
Recoñece as dependencias do colexio, obxectos da aula, os alimentos, prendas de vestir, tempo atmosférico, estacións do ano e dependencias da casa	x		
Nomea as dependencias do colexio, obxectos da aula os alimentos, prendas de vestir, tempo atmosférico, estacións do ano e dependencias da casa	x		
Discrimina a nivel auditivo as vogais e as consoantes	x		
Discrimina a nivel visual as vogais e as consoantes nun conxunto de grafemas dados	x		
Realiza lectura de sílabas directas, palabras e frases sinxelas cas letras e as vogais	x		
Ordena correctamente frases coa axuda de pictogramas	x		
Escribe as vogais e as consoantes			x
Recoñece as cores vermella, verde, azul, amarelo, gris, negro, branco, lila, marrón e laranxa.	x		
Nomea as cores vermello, verde, azul, amarelo, gris, negro, branco, lila, marrón e laranxa.	x		

AREA DE MATEMÁTICAS	Conseguido	Iniciado	Non conseguido
Recoñece os números do 0-20	x		
Nomea os números do 0-20	x		
Escribe os números do 0-20			x
Conta obxectos	x		
Asocia cantidade aos números 0-20		x	

### 3. CONCLUSIÓNS

A modo de reflexión final diremos que o éxito do proceso de ensino aprendizaxe no caso dos alumnos con necesidades educativas específicas de apoio vai depender da capacidade de axustar a intervención educativa ás peculiaridades do alumno (Puigdemívol, 2005).

Para que os centros sexan capaces de exercer unha actividade educativa integradora e comprensiva han de elaborar un proxecto educativo e unha programación de actividades

respetuosas cas diferencias individuais, diferencias que deben ser asumidas polos profesionais, polos pais e polo alumnado, xa que afectan a toda a comunidade educativa.

Para isto deberán contar con unha organización flexible e dinámica que permita o aproveitamento dos recursos humanos e materiais, cos recursos e servizos tanto ordinarios como específicos que proporcionen o apoio e o asesoramento os profesores titores e os especialistas das áreas, e debe de desenvolver unha capacidade de reflexión e autoavaliación para tratar de axustar as diferentes respostas educativas que o centro pode ofrecer á realidade social do seu entorno e a diversidade dos alumnos (Puigdellivol, 2005).

Deste modo a atención a diversidade plantéxase como unha tarefa conxunta de todos os membros da comunidade educativa.

#### **4. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS**

- Castañón, B., Nedelcu, D. G. y Buceta, M. J (2007). Relevancia de los aspectos lingüísticos en la escolarización de los niños con Síndrome de Williams: revisión, retos y propuestas. *Actas do Congreso Internacional Galego –Portugués de Psicopedagogía. Revista Galego-Portuguesa de Psicoloxía e Educación*. Universidade de A Coruña, pp.2237-2245.
- López, G. (2004). Enséñame a hablar. Granada: Grupo Editorial Universitario.
- Puigdellivol, I. (2005). La educación especial en la escuela integrada. Una perspectiva desde la diversidad. Barcelona: Editorial Graó.
- Ruiz, M<sup>a</sup> S. (coord.) (2002). Unidades didácticas de compensatoria. Material para alumnos de compensación educativa. Región de Murcia. Consejería de Educación y cultura. Dirección General de Formación Profesional, Innovación y Atención a la Diversidad.

#### **MARCO LEGAL**

- Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.
- Orde do 31 de outubro de 1996, pola que se regula a avaliación psicopedagóxica de alumnos-as con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do dictame de escolarización.
- Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establece a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.